

ANUNCIO

Ao non presentárense reclamacións durante o prazo de exposición ao público, queda automaticamente elevado a definitivo o Acordo plenario provisional do Concello de Monfero de data 25/10/2011 sobre a Ordenanza fiscal reguladora da taxa por efectuar declaracións de incursión na situación legal de fóra de ordenación total, cuxo texto íntegro faise público en cumprimento do artigo 17.4 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR EFECTUAR DECLARACIÓNS DE INCURSIÓN NA SITUACIÓN LEGAL DE FÓRA DE ORDENACIÓN TOTAL

Artigo 1. Fundamento legal

Esta entidade local, no uso das facultades que lle confiren os artigos 133.2 e 142 da Constitución española e o artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e, de conformidade cos artigos 15 a 27 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, establece a taxa por efectuar declaracións de incursión na situación legal de fóra de ordenación total. Esta rexirase pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao establecido no artigo 57 do Real decreto legislativo 2/2004.

Artigo 2. Feito imponible

En virtude do que establece o artigo 2.2 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, o artigo 20.4 o Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e o artigo 6 da Lei 8/1989, de 13 de abril, de taxas e prezos públicos, o feito imponible da taxa vén determinado pola actividade municipal, técnica e administrativa, que ten a finalidade de verificar se os edificios e construcións cumpren os requisitos establecidos na normativa aplicable para obter a declaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total.

Artigo 3. Suxeitos pasivos

Terán a consideración de suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas, as herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, sen ter personalidade xurídica, constitúen unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptibles de imposición, que soliciten, provoquen ou en cuxo interese redunde a actividade administrativa á que se refire o feito imponible.

Artigo 4. Responsables

Serán responsables solidarios das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas ou xurídicas mencionadas no artigo 42 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria.

Responderán subsidiariamente os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria.

Artigo 5. Base imponible

Constituirá a base imponible o valor catastral, excluído o valor do solo, da edificación ou construción que se pretende declarar incurso na situación legal de fóra de ordenación total.

No caso de edificacións e construcións que non consten de alta no catastro no momento de efectuar a solicitude, tomarase como base imponible o valor real da construción nos mesmos termos que a lexislación establece para o ICIO (Imposto sobre construcións, instalacións e obras), despois de aplicarlle o coeficiente redutor do 0,30.

Para estes efectos, a persoa solicitante presentará a documentación gráfica e escrita suficiente, subscrita por un técnico competente, na que se acredite a valoración.

O Concello, mediante a oportuna revisión e comprobación administrativa polo técnico municipal, modificará, no seu caso, tal valoración, e practicará a liquidación en función do resultado.

As persoas interesadas cuxa edificación ou construción se encontrar nesta situación terán que presentar no Rexistro xeral do Concello, no prazo de tres meses, unha copia da documentación acreditativa de ter solicitado a alta no catastro.

Artigo 6. Tipo de gravame

O tipo de gravame será do 1%.

Artigo 7. Cota tributaria

Será o resultado de aplicarlle o tipo de gravame á base imponible.

A cota tributaria mínima será de 300,00 €.

Cando se realizaren todos os trámites establecidos na normativa urbanística e a resolución recaída sexa denegatoria, non se reducirá a cantidade da cota correspondente.

Así mesmo, no caso de que a/o interesada/o desista da solicitude formulada, antes de que se dicte a resolución oportuna ou de que se complete a actividade municipal requirida ou se declare a caducidade do procedemento, a cota correspondente reducirase un 50%.

Artigo 8. Exencións e bonificacións

Non se concederá ningunha exención nin bonificación na exacción da taxa.

Artigo 9. Devengo

A taxa devengarase, e nacerá a obriga de contribuír, cando se presentar a solicitude da persoa interesada que inicie o expediente, que non se tramitará sen o pagamento previo da taxa establecida, ou co inicio de oficio por parte da Administración, que implicará á súa vez o pagamento da taxa.

Artigo 10. Normas de xestión

A taxa esixirase en réxime de autoliquidación.

As persoas interesadas en obter unha delaración de incursión na situación legal de fóra de ordenación total presentarán a solicitude oportuna no Rexistro xeral do Concello coa documentación que determina a Disposición transitoria terceira "Edificacións sen licenza" da Lei 2/2010, de 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia e a Instrución 2/2011, do 12 de abril, para a súa aplicación publicada no DOG n.º 91, do 11 de marzo de 2011, e o xustificante do pagamento da taxa.

As solicitudes recibidas polos condutos doutros rexistros xerais serán admitidos provisionalmente, pero non poderán cursarse sen o pagamento previo dos dereitos, a cuxo fin se lle requirirá á persoa interesada que, no prazo de dez días, aboe as cotas correspondentes, co apercibimento de que, logo de que transcorra ese prazo sen efectualo, os escritos ou documentos teranse por non presentados e a solicitude será arquivada.

Artigo 11. Infraccións e sancións

En todo o relativo á calificación de infraccións tributarias, así como das sancións que lles correspondan en cada caso, estarase ao que dispoñen os artigos 181 e seguintes da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria e as disposicións que a desenvolven.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal, logo de ser aprobada polo Pleno deste concello, entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no *Boletín Oficial da Provincia*, será de aplicación a partir dese mesmo momento e permanecerá en vigor até que se acorde a súa modificación ou derogación expresa.

Contra o presente acordo, conforme ao artigo 19 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, as persoas interesadas poderán interpor un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses que contarán a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia, ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Monfero, 20 de decembro de 2011

O Alcalde

Benjamín M. Rodríguez Abad